

## ***POSIBILIDADES EDUCATIVAS DA LINGUA DE SIGNOS NA EDUCACIÓN DOS NENOS E NENAS XORDOS***

Ana Isabel Illanes Ruíz\*

Mª José Méndez Lois\*\*

Universidade Santiago de Compostela

### **RESUMO**

Ante a intervención educativa cun neno xordo debemos coñecer, nun primeiro momento, as súas potencialidades e dificultades. Debemos así mesmo coñecer a súa cultura, o referente da comunidade xorda da que el é parte integrante.

Sen dúbida a maior dificultade coa que nos toparemos referirse ó ámbito comunicativo xa que, no noso contorno, a maior parte da información chega os receptores pola canle auditiva e por iso non lle será doado, o neno xordo, entender nin facerse entender debido a que non comprende nen ten adquirido o sistema comunicativo das persoas oíntes.

Por isto, a escola, ademais da familia que se constituirá en primeiro axente socializador, deberá concienciarase da problemática específica deste tipo de deficiencia e ofrecer as medidas de apoio necesarias pero realizando a labor educativa co alumno xordo igual que a realiza co resto dos alumnos que atende. Neste aspecto o actual sistema educativo (LOGSE) capacita os profesores para facer chegar o currículo ordinario a estes alumnos a través das adaptacións do currículo que se desenvolverán na aula ordinaria. É dicir nun medio integrado.

### **ABSTRACT**

With regard of the educational intervention of a deaf child we must know, first of all, his potentials and difficulties. We must as well, know his culture, the concerning point of the deaf community to which he belongs.

With no doubt the major difficulty we will have to face will be related to the communicative environment since, in our surrounding, most of the information the receivers get is through the auditory canal, and that is why it won't be easy for the deaf child to understand and make himself understood due to his lack of understanding the communicative system of the hearers.

That is why, the school, as well as his family which will be the first socializer agent, will have to be aware of the specific problems of this kind of lack and offer the necessary support, but carrying out the educative task with the deaf child as well as with the rest of the students he is in charge of. In this respect the actual educative system (LOGSE) trains the teachers so that the ordinary curriculum gets to these students through the curricular fittings that will be developed in the usual classroom. That is to say, in an integrated place.

### **INTRODUCCIÓN**

A escola debe ofrecer ó alumnado a posibilidade de desenvolverse no medio social no que naceu. Partindo deste principio consideramos que a escolarización do alumno/a con déficit auditivo

---

\* Pedagoga

\*\* Dpto. MIDE.

(hipoacusia ou xordeira) se debe producir en total integración co resto dos nenos/as do seu contorno e idade.

Ademais debemos entender que a escola é moito máis que un lugar no que se adquieren coñecementos, xa que é, ou foi, o lugar no que todos aprendemos a convivir co noso grupo social, pois só en interacción cos demais se desenvolve a persoa na súa totalidade.

Deste xeito, a integración escolar plena motivará, e potenciará, o desenvolvemento das capacidades necesarias para que o alumno/a se sinta seguro, valorándose por si mesmo e obtendo valoracións dos demais, autónomo e útil.

Pero este proceso de integración non só vai ser importante para o neno/a con déficit auditivo, tamén o vai ser para o resto dos compañeiros oíntes ó poder coñecer e comprender as vivencias das persoas con características distintas as súas, o que sen dúbida contribuirá a tan anhelada integración social.

Con este traballo intentaremos achegarnos ás peculiaridades educativas dos nenos e nenas xordos, partindo dunha idea clara de integración pero entendendo tamén que a escola debe contribuír a poñer á disposición dos seus usuarios os mellores medios para acadar o seu desenvolvemento integral.

E é desde este postulado desde o que analizaremos as posibilidades coas que dota a lingua de signos á escola para educar o seu alumnado.

## A AUDICIÓN ELEMENTO ESENCIAL DA APRENDIZAXE LECTOESCRITORA

Non podemos dubidar que a escola tradicional considera a audición como a vía normal pola que o neno desenvolve a fala e a linguaxe. As alteracións na audición poden causar a calquera idade problemas de comunicación, se ben existen determinadas fases temperás de desenvolvemento nas que o organismo, está “programado” para recibir de xeito óptimo as sinais acústicas e empregalas para importantes actividades prelingüísticas. Unha vez transcorridas estas fases, o emprego eficaz destes sinais declina. Así pois, os problemas de audición deberían ser detectados e tratados tan pronto como fose posible en interese ó desenvolvemento lingüístico, intelectual, social e emocional do neno.

Pero aínda no caso de facer ese diagnóstico precoz dos problemas auditivos temos que ser conscientes das dificultades que atoparán os nenos hipoacúsicos ou xordos para as aprendizaxes lectoescritoras básicas e para o emprego da lingua oral.

A lingua oral é a principal barreira para o neno/a xordo pois temos que ser conscientes de que os rapaces adquieren a lingua pola experiencia diaria; os nenos xordos prelocutivos non teñen esas experiencias polo que a adquisición da lingua oral é algo mecánico e aburrido xa que ademais

non contan co apoio de “feedback” auditivo sobre o que están a decir. E se nesa situación se sinten desprazados, rexeitados ou ridiculizados tenderán sistematicamente a tentar non comunicarse a través deste tipo de linguaxe. Ademais debemos ter en conta a escaseza de vocabulario que en xeral presentan os nenos xordos así como a pouca intelixibilidade da súa produción oral. Os investigadores sinalan que un neno xordo profundo de cinco anos é moi posible que teña un vocabulario inferior a 25 palabras a menos que tivera un intenso entrenamiento lingüístico e ademais para a maioría dos nenos xordos profundos conxénitos é moi difícil acadar un nivel de intelixibilidade na fala superior ó 20 ou 25%.

Tamén é importante destacar neste apartado outro aspecto moi relacionado coa lingua oral como é a lectura labial. As investigacións realizadas e a opinión das propias persoas xordas coinciden en indicar, tal como afirma Marchesi (1995), a grande dificultade de comprender a fala a través da percepción e a discriminación visual do movemento dos beizos, incluso cando o falante pronuncia lenta e articuladamente. Unha das razóns más importantes para esa mala comprensión é que moitas palabras case non requieren movemento dos beizos para a súa pronunciación e outras moitas case non manifestan diferencias externas a pesar dos seus diferentes significados. As dificultades son maiores si a fala é rápida ou as expresións adoptan un formato coloquial.

Para o neno xordo a lectura é unha aprendizaxe extremadamente difícil pois cando se dispón á aprendizaxe desta destreza comunicativa faino da mesma maneira que o neno oínte, pero cunha serie de diferencias substanciais: pobreza de vocabulario, escaso coñecemento da estructura sintáctica, dificultades no acceso ó código fonolóxico e limitación na súa capacidade preditiva, inferencial e organizadora. No proceso de ensinanza da lectura ó neno xordo débense organizar actividades que potencien estas limitacións para que ó enfrentarse a un texto poida empregar todas esas vías na súa comprensión.

A linguaxe escrita no neno xordo prelocutivo está enormemente afectada tamén. Os problemas coa escritura están vinculados as súas dificultades de linguaxe oral e de comprensión lectora. Os textos redactados polos nenos xordos soen ser pouco extensos e o lelos parece que non entendemos nada xa que soen ser textos caóticos na súa estructura interna. Soen ter frases más simples e más breves, con maior número de palabras de contenido -nomes, verbos- e menor número de palabras función -artigos, preposicións e conxuncións-, e o seu estilo é más ríxido e estereotipado, con numerosos errores en relación coas regras gramaticais.

Estes problemas pódense paliar, ata certo punto, co emprego da lingua de signos. Un dos investigadores que máis estudiaron estes procesos de adquisición de competencia lingüística nos nenos xordos é Lyle (1985) e el comenta na súa obra, referíndose a escritura de moitas persoas xordas, que o curioso é que se pode extractar máis facilmente o significado dos textos escritos por xordos se se recorre as regras da Lingua de Signos, que sen dúbida é a que sirve para elaborar o texto, é dicir, o código máis interiorizado é o que se empregou para expresarse na “outra” lingua. Pero para poder valorar o seu uso debemos coñecer que é e como se entende, no momento actual, a lingua de signos.

## LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA. DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

A lingua de signos é a lingua natural para calquera persoa xorda. É unha forma de comunicación innata no ser humano sobre todo se non obtén información a través do oído. Se nos detemos a examinar os distintos tipos de comunicación humana, que se presentan no gráfico nº 1, comprobamos que a lingua de signos é visual-xestual apoiándose no emprego das mans, os ollos, a boca e o corpo para aportar entre o emisor e o receptor a información necesaria para manter a comunicación.




Gráfico nº 1: Tipoloxía da comunicación humana

Ademais como complemento á mesma sóese emplegar o alfabeto manual (ou dactiolóxico). Nun intento por destacar os elementos que configuran o sistema comunicativo da lingua de signos teríamos os que se presentan no seguinte esquema:

Emisor:	Personas que envían una mensaxe por medio das mans e os xestos.
Receptor:	Personas que reciben la mensaxe por medio de la vista.
Canal:	Medio por el cual circulan los signos (aire, videotelefonía, etc.).
Código:	Sistema de signos combinados según ciertas reglas para transmitir la mensaxe (Lingua de signos).
Mensaxe:	Información que se transmite.
Referente:	Realidad a la que se refiere la mensaxe. El contexto y la situación ayudan a entender el significado de la mensaxe. El contexto es el texto en el que está inmersa la mensaxe que se transmite.

Chamamos lingua ó conxunto de vocablos que emprega un pobo ou nación, regulado por unha fonética, gramática, vocabulario e estrutura e que é usado para lograr a interacción duns seres humanos con outros coa finalidade de comunicar as súas ideas, emocións ou intencions e, ó mesmo tempo, de servir de medio para a transmisión cultural de xeración en xeración. Loxicamente as

linguas de signos non teñen o mesmo vocabulario e sintaxe que as linguas orais empregadas na mesma área xeográfica, pero as investigacións lingüísticas sobre as linguas de signos naturais das comunidades xordas demostran que estas son linguas totalmente expresivas, con regras gramaticais complexas e cun vocabulario en aumento, sendo ademais o recurso axeitado para a transmisión da cultura da Comunidade Xorda a través das conversas diarias, o discurso intelectual, a retórica, o enxeño e a prosa.

Nun intento de comparar as características esenciais da Lingua de Signos e da Lingua Oral observamos, como se reflicte no gráfico nº 2, que na primeira predomina un tipo de comunicación visual-xestual e na outra auditivo-oral; na estructura sintáctica da lingua de signos predomina o tipo secuencial e simultáneo onde ó mesmo tempo que se propón a idea se indican os caracteres gramaticais de xénero, número, tempo verbal, tipo de oración, pronomes, etc, mentres na lingua oral a estructura sintáctica é simplemente secuencial e só na produción discursiva se van intuíndo os demais elementos gramaticais das frases. Así mesmo, a lingua de signos fai un uso particular do espacio no que se producen e se apoian os signos mentres a lingua oral ten un apoio lingüístico temporal.

Lingua de signos	Lingua oral
Visual	Auditiva
Xestual	Oral
Secuencial e simultánea	Secuencial
Espacial	Liña temporal

Gráfico nº 2: Características esenciais da Lingua de Signos

Analizando máis polo miúdo os compoñentes morfolóxicos e gramaticais da Lingua de Signos partiremos da idea de que tódalas linguas están compostas por un número limitado de unidades que se relacionan entre elas dunha maneira determinada. Así, por exemplo, na lingua oral os sons (fonemas) constitúen os elementos básicos da construcción da lingua e combinados dunha determinada maneira forman as palabras; ó tempo a combinación de palabras forma as oracións e a súa vez o conxunto de oracións pode formar conversas, historias, etc.

O mesmo acontece cos signos da Lingua de Signos, os elementos básicos da mesma son os Parámetros Formacionais:

- 1.- A **configuración** da man ou mans mentres se desenvolve o signo.
- 2.- A **orientación** da palma da man no momento de realizar o signo.
- 3.- O **lugar** do espacio no que a man ou mans realizan o signo.
- 4.- O **movemento** que se desenvolve para realizar o signo.

Os compoñentes non manuais poden ser: a expresión facial, o movemento dos beizos, da cabeza, do corpo, etc, que se realizan paralelamente ó signo.

Polo tanto, na lingua de signos a unidade básica e primeira da linguaxe será o signo e a partires del oracións, conversas, historias, etc.

Así mesmo, como toda lingua tamén a Lingua de Signos ten unhas regras gramaticais. Hasta fai pouco pensábase que era unha lingua agramatical, debido a dous factores: a inexistencia de investigacións lingüísticas que describiran as características gramaticais de distintas linguas de signos e o excesivo egocentrismo lingüístico que levaba a comparar excesivamente a Lingua de Signos dun determinado país coa lingua oral dese país, no noso caso, a Lingua de Signos Española coa Lingua Castelá.

No momento actual, calquera persoa que estudiara outras linguas sabe que as linguas teñen regras e normas gramaticais que varían dunhas a outras: unhas non teñen artigo (turco), outras non determinan o xénero dos substantivos e adjetivos (inglés), etc. Así na Lingua de Signos Española os mecanismos gramaticais baséanse en aspectos propios como o uso particular do espacio, a modificación sistemática do movemento co que ven producido o signo, a produción de movementos non manuais, etc; e tamén en regras ortográficas especiais como por exemplo a inexistencia de preposicións.

Con esta reflexión desmitificamos un dos grandes interrogantes sobre a Lingua de Signos pois comprobamos que ten unha gramática complexa. Pero para acadar unha mellor comprensión desta lingua debemos referirnos a outros tres mitos sobre ela que están xeneralizados:

- O primeiro sería considerar a Lingua de Signos como universal. Algunhas persoas suxeriron que a Lingua de Signos é universal, fácil de aprender e que pode ser empregada por persoas de calquera país coa seguridade de ser entendidas. Sen embargo, non é así. As investigacións mostran que as persoas de distintos países utilizan distintas linguas de signos. Cada vez que ten lugar un encontro entre persoas xordas de distintos países precísanse tantos intérpretes de lingua de signos como países interveñen.
- O segundo mito sería considerar a Lingua de Signos como unha lingua icónica. O feito de que algúns signos teñan esta característica non permite afirmar que a lingua posúa esta característica, pois xunto a signos de marcada iconicidade (comer, dormir, etc.) atopamos un maior número de signos absolutamente arbitrarios (salón, elegante, etc.). Rodríguez (1992) elaborou unha clasificación sobre os distintos signos, atendendo ás relacións semánticas que estes gardan co seu referente real:
  - a) Signos motivados: aqueles que gardan unha relación moi estreita co referente e que, polo tanto presentan maior iconicidade.
  - b) Signos intermedios: que posúen unha certa orixe dactiolóxica xa que retoman e representan tódalas letras que conforman unha palabra.
  - c) Signos arbitrarios: que non posúen ningún tipo de relación motivada entre o signo lingüístico e o seu referente.

A este respecto debemos indicar, así mesmo, que si existen outros sistemas de comunicación con signos, introducidos en varias partes do mundo, para que se adecuen ó vocabulario e sintaxe da lingua oral. Son os chamados *sistemas bimodais de comunicación*. Pero estes sistemas foron deseñados, orixinariamente, como ferramentas educativas e non son consideradas linguas naturais nin entrarían dentro da nosa definición de Lingua de Signos.

- Por último, habería que considerar outro mito que se sustenta en considerar que a Lingua de Signos son tan só xestos. Esta afirmación sería semellante a considerar que “a lingua oral é tan só un conxunto de vocalizacións”. Como xa vimos anteriormente as linguas orais compónense dun limitado número de sons (fonemas) que combinados de forma temporal dan como resultado as palabras. Así mesmo, a Lingua de Signos constitúese tamén a partir dun número determinado de parámetros (configuración da man, localización e movemento) que combinados forman un signo. E igual que na lingua oral non é posible combinar sons de modo arbitrario para formar palabras, na lingua de signos tampouco é posible calquera tipo de combinación dos parámetros.

Noutra orde de cousas, para comprender as dificultades que ten para os distintos países o recoñecemento da Lingua de Signos como lingua oficial ou como lingua minoritaria (ó igual que se recoñecen outras linguas nun estado por se empregar estas nunha determinada rexión ou zona) destaca que a situación das Linguas de Signos no mundo é moi diversa, segundo datos facilitados pola Confederación Nacional de Sordos de España (CNSE):

- Só catro países teñen recoñecemento constitucional da Lingua de Signos (Filandia, Portugal, Uganda e Sudáfrica).
- 11 países (Canadá, República Checa, Colombia, Bielorrusia, Dinamarca, Noruega, Suecia, Suíza, Ucrania, Uruguay e USA) posúen un recoñecemento lexislativo da Lingua de Signos.
- Australia é o único país que recoñece a Lingua de Signos como parte da variedade lingüística do seu territorio.
- Outros 11 países (Austria, Bélgica, Irlanda, Francia, Alemania, Grecia, Italia, Islandia, Holanda, Inglaterra e España) atopanse en fase de estudio ou de proposta sobre como debe ser a consideración da Lingua de Signos. No caso concreto de España a Lingua de signos non está recoñecida a nivel nacional, pero si oficiosamente a nivel dalgúns rexións, p. e. Cataluña presentou unha instancia en 1994 cunha proposta para promover o bilingüismo, a investigación sobre lingua de signos e a abolición das barreiras de comunicación. Isto indica que áinda que nesta materia se conseguén avances moi pequenos si hai, cada vez, maior sensibilidade por esta temática.

## O BILINGÜISMO NA EDUCACIÓN DOS NENOS E NENAS XORDOS

Entendendo estes feitos debemos ser conscientes da necesidade de potenciar, na educación dos nenos xordos, situacións tendentes ó bilingüismo.

Se bilingüe se considera ó suxeito que desde o seu nacemento percibe dúas linguas no seu contorno próximo poderíamos dicir que desde un punto de vista lingüístico as persoas xordas poden atoparse, segundo sinala López Muíños (1998), nunha situación de *bilingüismo coordinado* no que as palabras de cada lingua están separadas e cada unha ten un significado particular ou nun *bilingüismo desequilibrado* no caso de que unha lingua domine máis que a outra. Neste segundo caso se o neno xordo está inmerso nun contexto no que se emprega a Lingua de Signos a adquisición é natural e rápida e o coñecemento da lingua chega a ser completo pero, sen dúbida, tamén se debe

producir a aprendizaxe da Lingua Oral do seu contexto. Coñecemento que, aínda que sexa parcial a nivel de pronunciación debería ser elevado e profundo na adquisición da lecto-escritura.

Por outra banda, desde o punto de vista educativo tamén se poden producir a lo menos dúas situacións de bilingüismo: unha que defende a adquisición temperá da Lingua de Signos e o uso da mesma, en niveis superiores, como medio para acceder a Lingua Oral (segunda lingua), ou ben a adquisición temperá da Lingua de Signos xunto coa Lingua Oral da contexto e o uso indistinto de ámbalas dúas para a adquisición de coñecementos.

Tódalas situacións descritas conflúen en destacar a importancia do bilingüismo para favorecer a comunicación cos nenos xordos, por iso o contorno escolar debe ofrecerelles tamén unha educación bilingüe, con mestres xordos e oíntes que se comuniquen con eles empregando cada un a súa propia lingua en contextos diferentes. Aínda que a adquisición da Lingua Oral sexa lenta e requira dunha metodoloxía especial para ser aprendida o feito de poder comunicarse con ela será, para o neno xordo, moi gratificante xa que lle posibilitará o acceso a grandes fontes de información e dotarao de dous sistemas lingüísticos para comunicarse nos anos decisivos da súa vida relacional e afectiva.

O exemplo español máis coñecido relacionado coa aplicación do bilingüismo como método educativo desenvolveuse no *Instituto Hispanoamericano de la palabra*. Neste centro educativo específico de Xordos obsérvase que a maioría dos alumnos que acoden ó centro en idade preescolar e incluso en idades posteriores, teñen niveis moi baixos tanto no aspecto comunicativo como en todo o seu desenvolvemento global e ademais os pais continúan reflectindo a angustia de non saber que facer cos seus fillos e demandando axuda ós profesionais do centro. Ante esta situación o Instituto pensa na posibilidade de ampliar o seu labor na etapa infantil, coa intención de crear un proxecto completo que atendera a tódalas áreas e aspectos importantes na educación dos nenos desta etapa e que contemplara tanto o traballo cos nenos como os pais.

O proxecto pretende ser bilingüe porque o único código comunicativo do que o neno se vai apropiar de forma espontánea, fluída e natural será un código de fácil recepción e comprensión pola vía visual e de fácil expresión pola vía manual, que ademais sexa unha linguaxe completa e sirva ás mesmas funcións que a linguaxe oral para as persoas oíntes, e estes requisitos cúmpreos na súa totalidade a Lingua de Signos; ademais para que o neno xordo adquira a linguaxe ten que ter a posibilidade de estar en contacto con ela e, así mesmo, é esencial que o neno xordo teña un entrenamento e aprendizaxe da Lingua Oral da comunidade a que pertence, que lle permita interactuar coas persoas oíntes e posteriormente acceder á lecto-escritura.

Segundo Pilar Alonso do Centro de Desenvolvemento Curricular do MEC (1995) as condicións que se necesitan para que unha escola poida ser bilingüe son:

- Ter profesores xordos que empreguen a Lingua de Signos e profesores oíntes que empreguen a Lingua Oral.
- A Lingua de Signos e a Lingua Oral non deben mesturarse. O neno debe ter oportunidades de recibir de forma completa e sen mesturas ámbalas dúas linguas.
- Os nenos xordos deben ter experiencias con ámbalas dúas linguas.
- O neno xordo debe ter a oportunidade de ter intercambios comunicativos con iguais xordos e con oíntes.

Pero, tal e como se recolle nun documento de traballo da Federación de Asociacións de Xordos do País Galego (FAXPG) o obxectivo final da educación dos alumnos xordos, ó igual que a de calquera outro alumno é que se socialicen de forma ampla, se sintan cómodos e felices no seu proceso de crecemento e se desenvolvan motora, afectiva e cognitivamente ó máximo das súas posibilidades, polo que debemos facilitarles un contorno educativo seguro e gratificante así como proporcionarles suficientes estratexias e oportunidades para que accedan e adquiran os coñecementos culturais do seu medio.

## O CONTORNO SOCIAL COMO POTENCIADOR DAS APRENDIZAXES

Os pais dun neno xordo deben ser conscientes desde que este nace, ou desde que se produce a perda de audición de que o seu fillo ten unha capacidade cognitiva normal e que se pode desenvolver con procedementos normais. Os profesionais que asesoran ós pais deben informalos de que os seus fillos poden levar un proceso de desenvolvemento semellante ó dos nenos oíntes sempre que adquiran pronto as competencias comunicativas. Para nos o xeito máis adecuado de adquirir ditas competencias é sen dúbida a Lingua de signos. E nese proceso de adquisición os pais xogan un papel esencial pois para acadar un desenvolvemento lingüístico natural e espontáneo é esencial que os pais empreguen a Lingua de Signos xa que así se convertirán na fonte de comprensión e de estimulación lingüística que o neno precisa.

Debe existir un contorno de signos espontáneo e activo. Deste xeito o neno pódese sentir como calquera outro neno, capaz de expresar sentimientos, facer preguntas e recibir respuestas dos seus pais e doutras persoas.

Coñecer a outros nenos e adultos xordos, como complemento do contorno do fogar é outra parte esencial no desenvolvemento xeral dos nenos xordos facendo que se sintan identificados coa súa propia imaxe e favorecendo neles a autoestima, ó tempo que experimentan sensacións de afinidade.

Para os pais oíntes dun neno xordo tamén é importante o contacto con adultos xordos pois constituirán para eles a fonte de información máis fiable e convincente sobre a xordeira e serán, así mesmo, o apoio máis grande para que os pais oíntes poidan desenvolver as capacidades comunicativas coa Lingua de Signos. Pero os adultos xordos non só serán compañeiros de prácticas coa Lingua de Signos senón que a través deles, os pais do neno xordo, están coñecendo o futuro dos seus propios fillos. Poden ver e sentir que a xordeira non conduce ó illamento nin a dependencia senón que as persoas xordas so perfectamente normais. Tamén toman conciencia de que a xordeira, incluso nos casos das persoas que non poden falar, non é un hándicap para que os suxeitos sexan profesionais competentes e adultos maduros que teñen os mesmos intereses, preocupacións, ambicións, soños, etc. que calquera outra persoa. É isto é fundamental para que os pais eduquen os seus fillos xordos con confianza e seguridade sen que se produzcan situacións de dependencia e sobreprotección.

Ademais dos pais e amizades o contorno social próximo do neno xordo está formado polo seu enclave escolar. A relación do alumno cos seus compañeiros, cos seus iguais, ocupa un lugar

privilexiado non só para a socialización, a comunicación e a adaptación social senón tamén para a superación do egocentrismo cognitivo, a capacidade para comprender o punto de vista dos outros e para o rendemento escolar.

Estas posibilidades de aprendizaxe, segundo Marchesi (1995), xéranse na medida en que existe unha dinámica de interacción, cooperación e traballo en común.

Coll (1984) apunta, logo de revisar as investigacións realizadas sobre este campo, tres tipos de relacións entre alumnos que poden ter unha influencia positiva na aprendizaxe:

- Cando existen puntos de vista moderadamente diverxentes.
- Cando un dos compañeiros proporciona explicacións e instruccións ós outros sobre a tarefa e,
- Cando hai coordinación de roles e reparto de responsabilidades.

Sen embargo estas posibilidades poden verse truncadas se esta cooperación no traballo entre o neno xordo e os seus compañeiros non se produce nalgúnha das condicións que se indicaron. Por iso, o papel do mestre, a súa habilidade e iniciativa para organizar actividades de traballo cooperativo, para potenciar o intercambio e a comunicación, para conseguir que o alumno oínte lle explique con naturalidade a información necesaria ó compañero xordo, ou viceversa, constitúe un factor central no proceso de integración do neno xordo.

Do que se trata, fundamentalmente, é de que exista progreso na adaptación social e emocional dos alumnos e no seu traballo intelectual e lingüístico. Estes obxectivos poden cumprirse a través da escolarización conxunta entre alumnos xordos e oíntes pero tamén se pode acadar no intercambio, comunicación e colaboración que se produce entre o grupo de nenos xordos que están integrados no centro. Por iso, é importante que a integración dun alumno xordo non se produza de xeito individual e illado.

E é a partir da avaliación destas posibilidades, da maior necesidade de intercambio entre o neno xordo e os seus compañeiros xordos ou oíntes, como debe organizarse o plan de traballo para cada neno, dentro da escola e/ou nas súas actividades de ocio e tempo libre.

## **NECESIDADES COMUNICATIVAS DAS PERSOAS XORDAS**

Non queremos rematar estas reflexións sen considerar outras necesidades comunicativas básicas das persoas xordas que dificultan a súa accesibilidade ó medio social no que se desenvolven. Cousas tan sinxelas e habituais como chamar ó timbre dunha casa, usar o teléfono, escoitar a radio, ver a televisión ou usar o espertador cada mañá quedan lonxe do alcance das persoas xordas.

Así pois as persoas xordas na nosa comunidade non só teñen que afrontar os problemas derivados directamente da súa propia discapacidade, senón tamén aqueles outros que a sociedade lles impón en forma de *Barreiras de Comunicación*.

Estas barreiras enténdense como aqueles obstáculos, trabas ou impedimentos que dificultan ou limitan a liberdade de acceso e comunicación das persoas que teñen limitada temporal ou permanentemente a súa capacidade de relacionarse co seu contorno mediante a audición e a Lingua Oral.

Por isto podemos ver que as persoas xordas se atopan tódolos días con moitas destas barreiras que, xa que son invisibles, pasan xeralmente desapercibidas tanto para a xente da rúa como para os lexisladores. E destas barreiras derívase, entre outras dificultades, que a información que reciben as persoas xordas sexa mínima xa que na actualidade a maior parte das canles de transmisión desta están pensadas para a maioría da poboación, neste caso para os oíntes.

Por todos estes motivos é importante destacar unha vez máis a necesidade de formalizar servicios de intérpretes de Lingua de Signos estables coa finalidade de facilitar a interrelación entre as persoas xordas que empregan a Lingua de Signos e as persoas oíntes que empregan a Lingua Oral; a necesidade dunha televisión accesible que incorpore non só subtítulos, xa que moitas persoas xordas non teñen nin velocidade nin comprensión lectora suficiente para que lles sexan útiles, senón outro elemento que faga posible o acceso das persoas xordas á T. V. e este non e outro máis que a Lingua de Signos; así mesmo sería necesaria a mellora e abaratamento dos sistemas de telecomunicacións que transmiten textos e imaxes: Fax, teléfono de texto, videoteléfono, videoconferencia, etc. que facilitan enormemente a comunicación entre as persoas teñan ou non problemas auditivos.

Tamén, sen dúbida, é necesario que as persoas oíntes coñezan as tradicións da Comunidade Xorda á hora de comunicarse para poder participar da súa cultura propia e, a modo de exemplo ilustrativo, podemos referirnos a costumes relacionadas coas boas costumes na mesa, así as persoas xordas durante a comida soen comunicarse nos descansos entre bocado e bocado, momento idóneo para poder signar tendo as mans libres; costume de dar uns golpiños cos dedos índice ou corazón ou co puño da man antes de comer para desexar “bo proveito” ou ser conscientes de que á hora dun brinde en lugar de entrechocar os vasos ou copas dáse un toque entre as mans que os suxeitan xa que o chasquiño entre os recipientes non pode ser oído mentres o roce das mans produce unha sensación de benestar.

## REFLEXIÓNS E CONSIDERACIÓNS FINAIS

Aínda que tradicionalmente se consideraba que o desenvolvemento cognitivo dos seres humanos dependía estreitamente do seu dominio da lingua hoxe, logo de moitos estudos lingüísticos sábese que esa relación “linguaxe-cognición” é moi complexa e así mesmo existen diferentes mecanismos na adquisición das distintas linguas segundo a súa estructura propia, e isto implica diferencias claras entre a lingua oral e a signada.

Para mellorar a educación das persoas xordas é esencial que a Lingua de Signos do seu país sexa recoñecida como lingua oficial o que posibilitará que se empregue como ferramenta de comunicación nese país, obtendo ademais outras vantaxes como investigacións lingüísticas sobre a Lingua de Signos, material escrito, prensa, uso nos medios de comunicación como p. e. a televisión, estandarización da lingua, posibilidade de considerala lingua materna e polo tanto poder impartir a educación infantil nela, etc.

Necesidade de que os pais non lle impoñan ós seus fillos xordos o seu mundo auditivo senón que tenten adentrarse no mundo visual propio deles, p. e. a través da aprendizaxe da Lingua de Signos do seu país o que sen dúbida os axudará a compartir unha maior cantidade de feitos entre eles e, ademais, potenciará o desenvolvemento cognitivo e comunicativo do seu fillo.

Na escola, o currículo e os programas de traballo así como as técnicas e instrumentos que deben empregar os mestres non deben ser homoxéneos, iguais para tódolos alumnos dunha clase, nin sequera iguais para tódolos alumnos xordos integrados na mesma clase, senón que deben responder ás peculiaridades específicas de cada alumno.

Os requisitos básicos dun centro no que se integran alumnos xordos serían, ó noso entender, os seguintes:

- Que o centro teña en conta dentro do seu proxecto curricular a escolarización de alumnos xordos.
- Que se elixa un sistema de comunicación para emplegar preferentemente cos alumnos xordos, e que este sexa coñecido progresivamente polos profesores e os alumnos.
- Que se conte con profesorado preparado para realizar as adaptacións curriculares necesarias para facilitar o progreso dos alumnos xordos.
- Que o profesorado de apoio coñeza a Lingua de Signos.
- Que os centros estean dotados dos recursos materiais necesarios, especialmente sistemas de amplificación e aulas equipadas co soporte técnico necesario.
- e, finalmente pero non menos importante, a presencia de adultos xordos que colaboren na educación do neno.

Referíndonos por último a aprendizaxe da lectoescritura quixeramos sinalar que para que os nenos xordos aprendan a ler é fundamental que a lectura non se entenda como unha actividade escolar desvinculada da práctica e dos intereses do neno, senón que debe estar integrada na actividade normal da súa vida diaria, empregando como fontes de lectura as palabras, os rótulos da rúa, os anuncios da televisión, as expresións que vé na rúa ou no tempo de xogo, etc., e, ademais, coñectada cos medios de comunicación que o neno emprega.

Débemos buscar que as palabras e frases que se usen sexan significativas para el e estean acompañadas de todo tipo de representacións que lle faciliten a súa comprensión e o seu uso: obxectos, debuxos, signos, etc.

Se o neno xordo comezou a adquisición da lingua de signos, nos primeiros anos, a aprendizaxe da lectura debe estar tamén en consonancia coa linguaxe interiorizada que posúe. Por iso, sería conveniente que os textos escritos que se lles presenten inicialmente incorporen tamén a representación gráfica dos signos. Deste xeito, o neno comeza o seu proceso de lectura tratando de comprender un conxunto de secuencias simbólicas que se corresponden coa súa propia lingua interior.

Aproximarse deste xeito á lectura vai favorecer tamén un progresivo desenvolvemento da linguaxe oral e un primeiro acercamento á representación gráfica das secuencias de signos escritos, e deste xeito vaise familiarizando e vaiselle potenciando o uso do código fonolóxico.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, P., GÓMEZ, L. e SALVADOR, M. D.** (1995): Asesoramiento a familias de niños y niñas sordos: orientaciones y pautas de actuación. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Centro de Publicacíóns.
- CENTRO DE DESARROLLO CURRICULAR** (España) (1995): Las Necesidades educativas especiales del niño con deficiencia auditiva. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Secretaría de Estado de Educación, Dirección General de Renovación Pedagógica, Centro de Desarrollo Curricular.
- CNSE** (1991): I Seminario de Profesores de LSE. Madrid, Confederación Nacional de Sordos de España.
- COLL, C.** (1984): "Estructura grupal, interacción entre alumnos y aprendizaje escolar". Infancia y aprendizaje, 3-4, pp. 119-138.
- F. A. X. P. G.** (1998): Curso de Expertos de Lengua de Signos Española. A Coruña, Federación de Asociaciones de Xordos do País Galego.
- FERNÁNDEZ VIADER, M. P.** (1996): La comunicación de los niños sordos. Interacción comunicativa padres-hijos. Barcelona, Nau Llibres.
- GONZÁLEZ, G.** (1992): Historia de la Educación del Sordo en España. Barcelona, Nau Llibres.
- LÓPEZ, M. T. e POZO, R.** (1998): "Educación bilingüe en las personas sordas". En **SABUCEDO, J. M.; GARCÍA-MIRA, R. e OTROS** (Dirs.): Medio ambiente y responsabilidad humana: aspectos sociales y ecológicos: libro de comunicaciones del VI Congreso de Psicología Ambiental. A Coruña, Universidad. pp. 539-545.
- MARCHESI, A.** (1995): El Desarrollo cognitivo y lingüístico de los niños sordos: perspectivas educativas. (1ª ed., 3ª reimp.). Madrid, Alianza.
- PINEDO, F. J.** (1981): El sordo y su mundo. Madrid, Federación Nacional de Sordos de España.
- RODRÍGUEZ, J. M., SANTANA, R., e GONZÁLEZ, A. M.** (1995): Deficiencia auditiva: aspectos psicoevolutivos y educativos. Archidona (Málaga), Aljibe.
- RODRÍGUEZ, M. A.** (1992): Lenguaje de Signos. Madrid, C.N.S.E. e O. N. C. E.
- SILVESTRE, N.** (Coord.) (1998): Sordera: comunicación y aprendizaje. Barcelona, Masson.